

## SEGURO DE ACCIDENTES "CUM LAUDE"

O seguro de accidentes Cum Laude é un seguro de accidentes de balde contratado pola Universidade de Vigo para tódolos alumnos matriculados nela.

COBERTURAS E CAPITAIS ASEGURADOS	SEGURO "CUM LAUDE"
<b>COBERTURAS:</b>	SEGURO DE BALDE PARA TÓDOLOS ALUMNOS MATRICULADOS (*)
<b>PERDA DE CLASES</b> durante 20 días consecutivos, por accidente, en concepto de axuda para clases particulares	--
<b>PERDA DE CLASES</b> durante dous meses consecutivos, por accidente, reembolso do importe da matrícula ata o límite de	--
<b>ASISTENCIA SANITARIA</b> (en centros médicos de libre elección), por accidente ata o límite de	1.800 Euros
<b>ASISTENCIA EN VIAXES</b> (Estranxeiro por un período menor de 90 días consecutivos):	
- Asistencia Sanitaria por enfermidade ata	2.800 Euros
- Traslado sanitario ata o domicilio habitual	incluído
- Envío dun familiar no caso de hospitalización	incluído
- Gastos de estancia deste familiar (máximo 10 días)	30 Euros / día
- Repatriación por falecemento	incluído
- Servicio de información de viaxes	incluído
- Servicio de mensaxes urxentes	incluído
<b>INCAPACIDADE PERMANENTE ABSOLUTA</b> por accidente	12.000 Euros
<b>INCAPACIDADE PERMANENTE PARCIAL</b> por accidente, segundo baremo en base a	12.000 Euros
<b>INFORTUNIO FAMILIAR:</b>	
Falecemento polo mesmo accidente, en transporte público ou privado:	
- Do pai ou da nai	6.000 Euros
- De ámbolos dous	6.000 Euros

### ASEGURADOS:

**Seguro Cum Laude:** Serán asegurados tódolos alumnos matriculados na Universidade de Vigo en grao, máster e doctorado, tanto en centros propios como adscritos, estudantes extranxeiros de programas de intercambio (Erasmus, Sócrates, etc.), tesinandos e doutorandos estén ou non matriculados e, finalmente, bolseiros que colaboren coa Universidade de Vigo. Asemesmo, considéranse asegurados tamén aqueles alumnos que habendo estado matriculados no curso anterior, non puideron formalizala matrícula para o curso seguinte debido as limitacións temporais ou impedimentos administrativos da propia Universidade, sempre que se poidan demostrar fehacientemente ditas limitacións temporais ou impedimentos administrativos.

**EFFECTO DA COBERTURA:** A cobertura será efectiva ás 00:00 do día 01 de setembro 2020, ata as 24 00 horas do día 31 de agosto de 2021

(\*) estas garantías poden ser ampliadas por 10.70 €. Máis información na páxina de ligazóns .

## EXTRACTO DE CONDICIÓN XERAIS, ESPECIAIS E PARTICULARES DA PÓLIZA

Esta póliza está suxeita a xurisdición española e réxese pola Lei 50/1980, de 8 de outubro, no contrato seguro de Lei do Contrato 20/2015, de 14 de xullo, xestión, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras e polo Real Decreto 1060/2015, de 20 de novembro, xestión, supervisión e solvencia das aseguradoras e reaseguradoras. Chubb European Group Limited, Sucursal en España, situada no Paseo de la Castellana 141 - Piso 6, 28046 Madrid e C.I.F W-0067389-G. Inscrita no Rexistro Mercantil de Madrid, Volume 19.701, Libro 0, Folio 1, apartado 8, Páxina M346611, empresas Book. Entidade Aseguradora con base no Reino Unido, con sede na Chubb Building, 100 Leadenhall Street, Londres EC3A 3BP. Autorizada e regulada pola Prudential Regulation Authority, 20 Moorgate, Londres EC2R 6DA, UK e de Dirección Xeneral de Seguros e Fondos de Pensións sobre prácticas de mercado que poden ser diferentes das de UK, co código de rexistro e -0155.

### RISCOS CUBERTOS

Accidentes, entendendo como accidentes a lesión corporal derivada dunha causa violenta, súbita, externa e allea á intencionalidade do asegurado. Todos os accidentes que non se exclúan especificamente no parágrafo de Riscos Excluídos, considéranse como risco amparado por este seguro.

### RISCOS EXCLUIDOS

- Accidentes anteriores á inclusión do asegurado na póliza de seguros.
- Os provocados intencionadamente polo asegurado.
- Aqueles cuia cobertura corresponda ó Consorcio de Compensación de Seguros.
- Os que sexan consecuencia de reacción ou radiación nuclear así como a contaminación radioactiva.
- Os acaecidos en estado de embriaguez manifesta alcohólica e/ou tóxica ou en estado de enaxenación mental.
- Os acaecidos durante o exercizo de Deportes como federados, profesionais e/ou de alto risco.
- Os accidentes profesionais que non se deriven de prácticas profesionais relacionadas co programa educativo.
- O infarto de miocardio.

Para as coberturas de asistencia en viaxe ademais das anteriores quedan excluídos os seguintes:

- Prestacións que non se comuniquen previamente ó asegurador e aquelas para as que non se houbera obtido a conformidade do asegurador, salvo supostos de imposibilidade material debidamente acreditada.
- Viaxes que teñan por obxecto recibir tratamento médico, salvo que se acredite que a enfermidade, accidente ou falecemento, no seu caso, non garda relación algunha con tratamento médico orixe do desprazamento.
- Diagnose, seguimento e tratamento de embarazo, interrupción voluntaria do mesmo o partos.
- Rescate de persoas en montaña, simas, mar ou deserto.
- Tratamentos odontolóxicos, oftalmolóxicos e otorrinolaringólogos, salvo os considerados de urxencia.
- Adquisición, implantación, substitución, extracción e/ou reparación de prótesis.

### ASEGURADOS:

**Seguro Cum Laude:** Serán asegurados tódolos alumnos matriculados na Universidade de Vigo en grao, máster e doctorado, tanto en centros propios como adscritos, estudantes extranxeiros de programas de intercambio (Erasmus, Sócrates, etc.), tesinandos e doutorandos estén ou non matriculados e, finalmente, bolseiros que colaboren coa Universidade de Vigo. Asemesmo, considéranse asegurados tamén aqueles alumnos que habendo estado matriculados no curso anterior, non puideron formalizala matrícula para o curso seguinte debido as limitacións temporais ou impedimentos administrativos da propia Universidade, sempre que se poidan demostrar fehacientemente ditas limitacións temporais ou impedimentos administrativos.

**Seguro Cum Laude Plus:** Serán asegurados tódolos que pertencendo ó colectivo asegurado do Seguro Cum Laude que suscriban a póliza de seguro voluntaria.

**ÁMBITO DE COBERTURA E DURACIÓN DO SEGURO:** Todo o mundo e as 24 horas do día, incluíndo as actividades privadas do Asegurado. A duración do seguro será anual renovable.

**BENEFICIARIOS:** En caso de falecemento, por orde preferente e excluyente, cónxuxe non separado legalmente, fillos, pais e heredeiros legais.

### EFFECTO DA COBERTURA:

**Seguro Cum Laude:** A cobertura será efectiva ás 00:00 do día 01 de setembro de 2020 ata as 24:00 horas do día 31 de agosto de 2021  
**Seguro Cum Laude Plus:** A cobertura será efectiva a partir do día 01 de setembro de 2020 ou desde a data, si ésta fose posterior, na que o alumno cubra o seu Impreso de Autoliquidación que acompaña a este folleto, e fixera efectiva a prima na conta corrente número 2080 5800 56 3040004865 a nome de B.V.C. ARTAI, en calquera oficina de ABANCA. En calquera caso a cobertura rematará o 31 de agosto de 2021.

O ORIXINAL DESTA PÓLIZA ESTÁ A TÚA DISPOSICIÓN NA XERENCIA DA UNIVERSIDADE DE VIGO.

PARA CALQUERA INFORMACIÓN OU DECLARACIÓN DE ACCIDENTE, DIRIXIRSE A:  
 B.V.C. ARTAI Correduría de Seguros, S.A.  
 García Barbón, 48 1º - 36201 Vigo  
 tel. 986 439 600 - fax 986 439 094 - email: vigo@artai.com  
 www.artai.com